




**O CEMITERIO**  
Municipal de lugo





# O CEMITERIO

## Municipal de Lugo

Unha das cousas máis características do xénero humano é a memoria, que nas persoas non é só unha capacidade innata propia da nosa configuración cerebral, senón algo que cultivamos como feito social e cultural, máis alá do que serían as meras necesidades vitais. E un dos aspectos fundamentais da memoria é a lembranza dos nosos mortos, que con formas moi diferentes existe e existiu en todas as culturas desde os albores da Humanidade.

A memoria profunda está no espírito, pero precisa tamén de apoios físicos, de referencias para perpetuarse: por iso non podemos renunciar á tumba, ó columbario, ó monumento funerario grande ou pequeno, á lápida dedicada a nosos pais, ós nosos amigos, á nosa xente. Por iso, ó carón das cidades dos vivos levantamos esas cidades dos mortos que son os cemiterios, onde os nosos seres queridos repousan e seguen presentes. E non pensen que chamarlle a un cemiterio “cidade dos mortos” é unha invención poética moderna, pois iso é exactamente o que significa a palabra de orixe grega necrópole, *necro-polis*.

É xusto que reflexionemos sobre este feito, que é un dos fundamentos da condición humana. Por iso o noso Concello publica agora esta pequena aproximación histórica ós cemiterios de Lugo. E eu quero aproveitar esta páxina para chamar a atención sobre unha cousa: sendo o galego a lingua propia de Galicia, esta fermosa lingua en que todos nos recoñecemos ten aínda hoxe unha presenza moi escasa nos diversos aspectos das honras fúnebres. Por iso (e dígoo dende o absoluto respecto á liberdade persoal de cada un) coido que sería moi desexable que tomásemos conciencia disto e que o noso cemiterio acollese no futuro un número cada vez maior de lápidas e inscricións na nosa lingua, unha lingua que en tantos casos nos serviu para amar os nosos seres queridos, e que cando deixan de estar fisicamente con nós nos segue servindo para lembralos de palabra e de pensamento.

**José López Orozco**  
Alcalde de Lugo



O Cemiterio Municipal de Lugo é para nós unha cousa inseparable da cidade, onde repousan os que xa non podemos ver cos nosos ollos nin tocar coas nosas mans, pero que seguen formando parte de cada un e cada unha de nós como individuos, e polo tanto, do Lugo ideal, do Lugo que non é só un lugar físico, senón tamén unha memoria colectiva e un espazo histórico no que nos recoñecemos.

Nos últimos anos, a especial preocupación do Concello polo noso Cemiterio Municipal ten dado xa importantes froitos, que non só consisten nas importantes obras de ampliación, senón tamén na gran mellora que se produciu no seu aspecto, tanto polos traballos de mantemento e restauración como pola construción de espazos coma o Xardín das Lembranzas ou a instalación de elementos menores que contribúen á beleza do conxunto.

Sobra dicir que o Cemiterio Municipal de Lugo é, por definición, cousa propia de Lugo, das persoas de Lugo. Pero tamén hai que recoñecer que as cidades (e especialmente a nosa) en certo xeito non son só de quen as habita, pois forman tamén parte do patrimonio cultural e histórico dun país, e mesmo (sobre todo no noso caso) do mundo enteiro. E talvez a visión dunha cidade non está completa de todo sen a contemplación do seu cemiterio. En moitas cidades de Europa e do mundo, os cemiterios son lugares de visita case obrigada para os viaxeiros: o Père Lachaise de París, o da Chacarita de Buenos Aires, onde repousan tantos galegos...

Sería unha cousa fóra de razón soste que o Cemiterio Municipal de San Froilán teña a importancia desas grandes necrópoles. Pero a nosa

familiaridade con el tampouco nos debe levar a consideralo un cemiterio vulgar. A súa harmoniosa distribución, o lugar en que está, a beleza de moitas das súas tumbas, panteóns e monumentos funerarios –boa parte deles trasladados desde o vello cemiterio municipal de Magoi– fan que o camposanto lucense teña un considerable interese, en primeiro lugar para nós, pero tamén para os nosos visitantes.

É por iso polo que o Goberno Local, e esta Concelleira en particular, teñen a intención de potenciar o que se chama ás veces “turismo de camposanto”, cada vez máis importante en Europa. Pero somos moi conscientes da dificultade e complexidade deste obxectivo, que requirirá moito entusiasmo e moito traballo de moitas persoas, e ademais unha cousa fundamental: que a cidadanía lucense teña unha estima cada vez maior pola súa necrópole.

Esta publicación que agora presentamos, dentro das actividades que se celebran ó redor do Día dos Defuntos, ten como obxectivo principal que se coñeza un pouco mellor o Cemiterio Municipal de San Froilán, pero tamén a historia dos enterramentos en Lugo dende os tempos dos nosos máis antigos devanceiros. De cara ó futuro, o que desexo e pido é a colaboración de todos nunha cousa tan importante: a dignificación do noso cemiterio xeral, que a todos pertence sen distinción de procedencia nin credo.

**Luisa Zarzuela González**  
Concelleira de Servizos Xerais





## Os CEMITERIOS de lugo

Unha brevísima historia

*O cemiterio e capela das Ánimas, que se inaugurou en 1288, estaba situado no interior do recinto amurallado, nuns terreos próximos á Porta Falsa, onde estivo o chalé e xardín da familia Cobreros, na Praza de Ferrol e onde actualmente se constrúe un novo e amplo edificio destinado á institución do Instituto Nacional de Previsión.*

*Antes de haber este cemiterio, ¿onde enterraban? Ou na Catedral ou noutro cemiterio descoñecido. Ó inaugurarse este minúsculo cemiterio a vila era tamén reducida, e para pequena vila pouco cemiterio fai falla. Pero ¿e antes? ¿Que facían cos seus mortos os celtas, os romanos e tantos outros que ocuparon Lugo?*

Isto escribía polo ano 1951 o boticario, historiador e fotógrafo Salvador Castro S. Freire no seu libro *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*, publicado pola Imprenta Celta co patrocinio do Colexio Oficial de Farmacéuticos da provincia. É un libro moi interesante e útil, aínda que ás veces un pouco novelesco, e non sempre fiable en canto ás datas nin rigoroso en canto ás interpretacións. O autor, que Ánxel Fole cita como gran conversador no faladoiro da súa farmacia da rúa de San Pedro, fiaba algo de máis na memoria e non sempre consultaba os papeis que fora xuntando ó longo da súa vida de curioso compulsivo.





## ■ A longa Prehistoria ■

Contestando á pregunta retórica de don Salvador, o que facían cos seus mortos os romanos, ou os lucenses do tempo do imperio romano, sábese hoxe bastante ben. Dos enterramentos dos «celtas», que é como Castro Freire lles chamaba ós galegos ou galaicos do tempo dos castros, séguese sabendo moi pouco por falta e fontes históricas escritas e de restos arqueolóxicos. Pola contra, tamén se sabe moito ben como se enterraban os nosos devanceiros do tempo das mámoas, a pesar da súa antigüidade moito maior. Ás veces dise, e con razón, algo parecido a isto: «dos habitantes da Galicia megalítica sábese bastante ben como morrían, pero bastante pouco de como vivían; dos castrexos sábese moi ben como vivían, pero case nada de como morrían».

Efectivamente, os restos arqueolóxicos asociados á vivenda na época megalítica son ben poucos, mentres que son abundantísimos os enterramentos: as mámoas ou medorras, esas pequenas montañas artificiais que albergan as grandes cámaras funerarias que, cando están descubertas, chamamos antas ou dolmens. Aqueles remotos devanceiros nosos practicaban a inhumación dos cadáveres, e dábanlle unha grande importancia ós rituais funerarios e ós seus «cemiterios», situados en lugares estratéxicos relacionados coas vías de itinerancia estacional, pois probablemente servían como referencia simbólica dunhas comunidades de costumes e economía nómades, pastores e agricultores de roza e queima. E a pesar das innumerables profanacións de mámoas que ten habido por parte de buscadores de tesouros, estes grandes túmulos seguen sendo referencias na paisaxe. E incluso a maior parte do que se sabe da vida cotián daqueles pobos é grazas ós enxovais de obxectos de uso diario atopados nas súas tumbas.

Un dolmen coma o de Dombate forma hoxe parte do imaxinario colectivo galego grazas ó poema de Pondal; pero hai moitísimos dolmens e innumerables mámoas en toda Galicia. No territorio do concello de Lugo pode verse a cámara descuberta dun dolmen en Santa María Madalena de Adai [foto esquerda], e gran número de mámoas, sobre todo no Val do Mera (San Matías, Santa María Alta, Veral, Orbazai, Adai). Tamén quedan restos de mámoas en Carballido e en Gondar, no chamado Alto da Medorra. A súa distribución parece definir unha antiquísima vía neolítica que aínda segue dalgún xeito en uso, pois coincide aproximadamente co Camiño Primitivo de peregrinación a Santiago. O megalítico das terras lucenses está entro da datación xeral do megalítico galego, que vai máis ou menos do ano 3200 ó 1800 a.C.

Menos abundantes son os restos funerarios da Idade do Bronce, pero aínda así son suficientes para sabermos que os enterramentos, aínda que en certo xeito sexan unha evolución dos costumes anteriores, perden o seu sentido colectivo e fanse menos monumentais. A nova sociedade metalúrxica é máis xerárquica: aparecen as tumbas de xefes ou de ricos. Un exemplo importante destes enterramentos é a chamada cista de Atios, descuberta e estudada por Xosé María Álvarez Blázquez, o arqueólogo e escritor a quen este ano lle dedicamos o Día das Letras Galegas. Na Idade do Bronce a sociedade vaíse volvendo máis sedentaria, aínda que as relacións comerciais de amplo radio eran moito máis intensas. É precisamente no período do Bronce Final (dos 1000 ós 500 anos a.C.) cando comeza no que actualmente é Galicia e o norte de Portugal a civilización castrexa.

Pola contra, non se coñece ningún enterramento asociado a ningún dos milleiros de castros galegos na Idade do Ferro, é dicir, dos cinco séculos anteriores á conquista romana. Crese, simplemente, que os galegos castrexos practicaban tanto a inhumación como a incineración. Hai que ter en conta que o chan galego é moi ácido, e que debido a iso os restos orgánicos son descompostos e absorbidos bastante axiña pola terra.







## ■ Os cemiterios romanos ■

Na época da romanización os castros seguiron existindo, e algúns incluso medraron, como foi o caso do de Viladonga. Pero nesta época, da que si se conservan algúns enterramentos asociados con esas aldeas fortificadas, a civilización e o modo de vida romana xa eran hexemónicos. Os ritos funerarios romanos fóronse impondo, xunto coa asimilación dos deuses indíxenas ás divindades clásicas: Verore identificase con Xúpiter, o latín substitúe paulatinamente a antiga lingua, e os galaicos –sobre todo os ricos– empezan a imitar os costumes dos conquistadores tanto na vida coma na morte. As cidades romanas eran poderosos centros económicos e culturais, e Lucus Augusti, capital de convento xurídico, era unha importante cidade provincial.

Da época romana hai restos arqueolóxicos de grande beleza e importancia histórica, como son as estelas funerarias. Unha das máis grandes e fermosas de toda Galicia é a de Crecente, así chamada polo lugar en que apareceu, na parroquia de Mera. Este tipo de monumento funerario era propio de familias ben acomodadas, e a estela de Crecente leva unha inscrición latina que, traducida, di así: «Aquí xace Apana, filla de Ambolo, céltica supertamárica, de Miobre, que morreu ós 25 anos. O seu irmán Apano mandou facer». Era, pois, dunha familia celta indíxena.

Lembraremos aquí que nos tempos máis antigos –cando Roma era só unha máis entre as cidades de Italia e aínda tiña reis– os romanos practicaban tanto a inhumación como a incineración, pero esta foise impondo a partir dos primeiros tempos da República, que se instaurou no ano 509 a. C. É dicir, que cando os romanos fundaron a nosa cidade xa levaban cerca de cinco séculos incinerando sistematicamente os seus defuntos.

No que se refire á propia cidade de Lugo, as súas necrópoles romanas mostran que ó longo dos séculos do Imperio os costumes funerarios tamén foron cambiando. O primeiro destes cemiterios estaba por onde hoxe é a Praza de Ferrol, que daquela quedaba fóra do territorio propiamente urbano. Isto era un imperativo legal rigoroso, pois a lei romana prohibía os enterramentos en lugar habitado, e o costume facía que estiveran dispostos ó carón dos camiños, cousa que neste caso tamén se cumpría, pois por alí pasaba unha vía que talvez fose a que levaba a Lucus Asturum, onde hoxe é Lugo de Llanera.

A necrópole da Praza de Ferrol, estudada polos arqueólogos cando se fixeron os aparcadoiros subterráneos, foi exclusivamente de incineración. Cando no século

III d.C. se construíu a muralla, eses terreos quedaron dentro da cidade, e naturalmente xa non se podían utilizar para enterramentos. Pero naqueles intres xa levaba funcionando moito tempo outro cemiterio, situado onde hoxe é San Roque.

A necrópole de San Roque, que durou dende o século I ata o VI ou VII d. C., ten moito interese porque nela fixéronse tanto enterramentos de incineración como de inhumación. Como é ben sabido, o cristianismo impuxo totalmente o enterramento por inhumación, pero as tumbas de inhumación do cemiterio de San Roque non son cristiás, incluso sendo do século IV avanzado, pois teñen enxoval funerario, e o rito cristián non permitía a práctica de enterrar os mortos con obxectos de uso cotián. Non se sabe moi ben como se reintroduciron os ritos de inhumación no mundo romano aínda pagán, pero é moi posible que teñan que ver co auxe das relixións de orixe oriental coma o culto de Mitra, practicado e difundido sobre todo polos soldados.

No Centro Arqueolóxico de San Roque, construído sobre unha parte dos restos atopados alí, pódense ver entre outras cousas moi interesantes dúas tumbas de inhumación. Durante as escavacións, os arqueólogos estudaron en total corenta tumbas de inhumación e catro de incineración, estas máis antigas, pois nalgún caso aparecían cortadas polas de inhumación. Como sucede en todos os cemiterios que duran moito tempo, o mesmo espazo era aproveitado máis dunha vez, facendo os novos enterramentos sobre os de defuntos xa esquecidos, cortándoos ou destruíndoos...

En Lugo hai tamén outros vestixios e restos funerarios romanos, entre eles os doutra necrópole de incineración altoimperial no Carril das Estantigas, asociado á vía que levaba a Brigantium, o cal, coma o da Praza de Ferrol, deixou de usarse ó quedar dentro da nova muralla.







## ■ A idade media e o antigo réxime ■

Os máis antigos restos arqueolóxicos que dun enterramento claramente cristián apareceron ata o de agora na nosa cidade estaban no que é hoxe a rúa da Raíña. Trátase dunha tumba do século V ou VI, e sábese que é cristián porque nela había un anel cun *crismón* ou anagrama de Cristo, que consiste nas letras gregas X (*khi*, equivalente a *k*) e P (*rho*, equivalente a *r*) enlazadas. E nas escavacións que se fixeron xunta o Reitorado da Universidade apareceron tamén restos dunha necrópole cristiá medieval –xusto enriba dos do templo de Mitra–, pero non sabemos de que época son dentro da longuíssima Idade Media, pois os resultados desta investigación non foron publicados aínda. Outra recente investigación, esta nas Saamasas, descubriu entre outros

interesantes restos unha tumba antropomorfa escavada na roca, probablemente da época sueva.

Cara ó final do Imperio, o cristianismo convertérase en relixión oficial do estado. Entón, os usos funerarios cristiáns, baseados na crenza da resurrección da carne, impuxéronse universalmente, e os enterramentos pasaron a estar baixo o control eclesiástico. Segundo se constituían as parroquias e se construían as súas igrexas, os mortos enterrábanse dentro delas, a pesar das disposicións en contra, e ó redor cando o espazo escaseaba. Na Idade Media, época de absoluto predominio da poboación rural, pódese falar dunha tendencia xeral a que as tumbas ordinarias estivesen ó carón da igrexa, reservándose o seu interior máis ben para enterramentos privilexiados, de eclesiásticos ou de familias podentes. No que se refire á nosa terra, o II Concilio Bracarense, celebrado no ano 572, nos tempos do reino suevo de Galicia, prohibía expresamente converter o interior dos templos en cemiterio, pero xa se sabe que unha cousa son as normas e outra o seu cumprimento.

Estes costumes funerarios, en realidade, abranguen moito máis do que a propia Idade Media, pois continúan durante toda a Moderna, e algunhas cousas chegan ata hoxe mesmo: boa parte das igrexas parroquiais de Galicia teñen aínda os seus cemiterios ó redor, e incluso o enterramento privilexiado dentro dos templos continúa en certos casos: por exemplo o bispo de Lugo recentemente falecido, o bo Frei Xosé, foi enterrado no interior da Catedral, no chan da capela de San Froilán, baixo un epitafio en bronce que di: IOSEPH H GOMEZ GONZALEZ OFM / PER ANNOS XXVII DIOCESI LUCENSI PRAEFUIT / PAUPERUM LEVAMEN CLERO AMABILIS POPULO CARUS / VITA IN DOMINO FUNCTUS EST DIE VIII IAN MMVIII / VIVAT CUM SANCTIS IN AETERNUM [Xosé H. Gómez González, franciscano, / estivo á fronte da diocese de Lugo 27 anos. / Foi alivio dos pobres, amable para o

clero e querido polo pobo. / Morreu no Señor o día 8 de xaneiro do 2008. / Viva cos santos para sempre.]

E non só os bispos gozan dese privilexio: na ala sur do claustro da Catedral segue funcionando, desde a súa restitución en 1944, o «COEMENTERIUM CAPITULARE... SEPELIENDIS CANONICIS AC BENEFICIARIIS HUIUS ECCLESIAE», é dicir, «cemiterio capitular para sepultar os cóngos e beneficiarios desta igrexa». E na parroquial de San Pedro, ademais de tres sartegos da época en que pertencía ó convento franciscano, tamén hai un enterramento recentísimo de persoas particulares, dúas señoras dunha importante familia de Lugo falecidas en 1963 e 1995.

Algunhas destas tumbas teñen un grande interese artístico. As que están encachadas nas paredes, consistentes en grandes sartegos pétreos sobranceados por bóvedas de arco de profundidade limitada polo espesor do muro, reciben o nome de «arcosolios», e ás veces son verdadeiras obras mestras da escultura. En Lugo temos varios exemplos senlleiros de diversas épocas, pero sobre todo do final da Idade Media, tanto nas igrexas de San Domingos e San Pedro coma na Catedral, onde aínda se encontran sepulcros de importantes familias fidalgas, coma os Gaioso, os Lemos e os Sangro, ademais do antiquísimo e famoso sartego chamado de Santa Froila [plana anterior, foto esquerda]. Un dos máis interesantes é un arcosolio gótico de gran calidade escultórica que hai na igrexa de San Domingos, cunha estatua xacente «DO MOY FIRME BALENTE LEAL CABALEIRO FERNÁN DÍAS DE RIBADENEYRA QUE FINOU ENO ANO DE MCCCCX», segundo reza a inscrición que, como era normal naquel tempo, estaba en lingua galega.






Estes vestixios antigos tan visibles son, naturalmente, de xente rica e poderosa, laicos ou eclesiásticos. Coa xente común as cousas son diferentes, pois como eran humildemente enterrados ó redor das igrexas –ou dentro, pero sen ningún monumento senlleiro que individualizara as tumbas–, hoxe os seus restos xa non existen, ou non se poden diferenciar, ou están ocultos baixo o asfalto e os edificios da cidade actual.

Como é ben sabido, durante a Idade Media e a maior parte da Moderna, Lugo foi unha cidade moi ruralizada, cunha poboación moi pouco numerosa, e mesmo con actividades agrícolas dentro de murallas. Aínda no século XVIII, unha gran parte dos enterramentos, incluso os do pobo común, realizábanse dentro dos templos, nomeadamente na Catedral, nas igrexas dos franciscanos e os dominicanos, nas capelas da Virxe do Camiño (onde hoxe está a do Carne), de San Marcos (onde hoxe está a Deputación), de San Xoán de Deus (que pertencía ó hospital do mesmo nome e actualmente é a parroquial de San Froilán), na de San Pedro Extramuros, hoxe desaparecida, en San Lázaro da Ponte, que era hospital tamén... E había asemade pequenos cemiterios, polo regular reservados ós máis pobres dos pobres, ó carón dalgunhas destas igrexas e hospitais. Un deles, o anexo á Catedral, levaba o sarcástico nome de «Carnicería». Porque ser enterrado na Catedral non era precisamente de balde, senón que custaba diñeiro, máis ou menos segundo o lugar da tumba: desde 15 reais ata catro ducados (44 reais), segundo unha acta capitular de 1721.

En definitiva, todas as igrexas lucenses, parroquiais ou monacais, acollían dentro ou no seu adro –no *sagrado*– os cadáveres dos seus fieis e fregueses, que en principio eran todos os habitantes dunha cidade na que o cristianismo era a

relixión oficial e practicamente única. É posible que a comunidade xudía que houbo en Lugo na Idade Media –seguramente moi pequena– tivese o seu cemiterio particular, pero del nada sabemos. Se alguén doutra relixión, ou un excomungado ou un suicida, morría en Lugo –doe dicilo, pero as cousas eran normalmente así– era enterrado case coma un animal: *fóra de sagrado*, que é como daquela se chamaban popularmente os adros-cemiterios: «Eno sagrado, en Vigo / bailava corpo velido», di a famosa cántiga de amigo de Martín Codax. Porque digámolo de camiño: na sociedade tradicional galega non se consideraba ningunha falta de respecto pisar as tumbas, e mesmo bailar sobre elas, senón que nos adros-cemiterio se establecía unha unión perfecta entre os mortos e os vivos, que compartían os mesmos espazos, e era precisamente nesta unión na que a parroquia se recoñecía tanto na dor coma na ledicia.

Os vellos cemiterios da nosa cidade non tiñan, con certeza, nada de particularmente urbano: covas abertas na terra, cubertas todo o máis cunha sinxela lápida, coma os cemiterios das aldeas que os máis vellos lembramos, antes de xeneralizarse os panteóns ou nichos modernos. Os que son máis novos tamén o poden ver por si mesmos, pois cerca de Lugo quedan algúns cemiterios que, malia algunhas modificacións, aínda se conservan moi semellantes ós antigos. Un dos máis interesantes da contorna, e mesmo de toda Galicia, é o que está ó redor da igrexa de Santa María do Mao, no concello do Incio, igrexa que por certo ten no seu centro unha tumba de mármore na que segundo a lenda está enterrado San Eufrasio, un dos chamados Sete Varóns Apostólicos.



## ■ Cara ó cemiterio municipal de Magoi ■

Pero volvamos a Lugo. Na segunda metade do século XVIII a nosa cidade empezou a medrar dun xeito acelerado. A causa principal deste crecemento foi, con toda seguraza, a institución da feira anual de San Froilán a partir 1754, e a gran mellora para as relacións comerciais que representou a nova estrada de Madrid á Coruña, acabada en 1773, con obras tan importantes coma a ponte de Cruzul, que permitiron unha comunicación moito máis fluída coa Meseta. En 1752, Lugo tiña 3.300 habitantes, e en 1826 xa alcanzara os 7.200.

Tamén datan desta época as primeiras medidas legislativas estatais en materia de enterramentos. O crecemento urbano xeral agudizaba os proble-

mas, e Carlos III, preocupado sobre todo polas consecuencias dos enterramentos masivos durante as epidemias, ditou a partir de 1781 disposición para restrinxir os enterramentos dentro das igrexas e para construír cemiterios «en sitios ventilados e inmediatos a las parroquias, y distantes de las casas de los vecinos», como di unha real cédula de 1787. Pero o certo é que esta real cédula debeu ser escrita en papel mollado, pois durante moitos anos non se cumpriu en ningures, e menos en Lugo.

Foi, con todo, o estado liberal que arrinca das Cortes de Cádiz o que lexislou en prol da modernización dos enterramentos conforme ás novas ideas sobre a hixiene, e tamén, aínda que máis timidamente, en prol da extensión do dereito a un enterramento honorable ás persoas non vinculadas coa relixión dominante.

O problema dos enterramentos en Lugo debía ser moi agudo xa nos primeiros anos do século XIX, e hai abundantes rastros documentais desta preocupación, así como das medidas que se tomaron para eliminar os enterramentos xerais dentro das igrexas, que nalgúns casos se seguiron realizando ata 1835. É xustamente este o ano que marca o inicio da gran «revolución» liberal que representou a Desamortización de Mendizábal.

Os defuntos da cidade crecente, ademais de nos cemiterios de San Xoán de Deus ou de San Marcos, enterrábanse noutro que houbera que facer nunha horta de Recatelo, xunta a desaparecida igrexa da Magdalena, e tamén no do Hospicio Provincial, en San Fiz, onde despois foi o Cuartel das Mercedes, e agora o Conservatorio de Música e Danza



Pero solución definitiva foise aprazando, e só a mediados de século se empezaron a tomar as disposicións para resolver o problema mediante a creación dun Cemiterio Municipal único para servir unha cidade de poboación xa bastante considerable. O Concello adquiriu uns terreos en Magoi, que daquela era unha zona completamente rural, xusto por onde hoxe se encontra o Gran Hotel. O proxecto de construción é de 1854, e o cemiterio inaugurouse en 1858; os traballos foron dirixidos polo mestre de obras municipal Juan Armesto, que deseñou para el unha portada de estilo clasicista. Dito sexa de camiño, deste Juan Armesto quedounos outra obra moi característica e ben coñecida por todos os lucenses: o pórtico actual da capela de San Roque, proxectado en 1854.

O cemiterio de Magoi tiña unha superficie aproximada dunha hectárea, e nel enterráronse os defuntos de Lugo durante noventa anos, agás o pequeno número de clérigos capitulares que gozaba do privilexio, non permitido por todos os gobernos, de enterramento na Catedral. En 1874 trasladáronse a el os restos dos camposantos de San Xoán de Deus e do Hospicio. Os ósos do cemiterio da Virxe do Camiño, ou do Carme, botáronse moito máis tarde nun osario común feito alí mesmo onda o Regueiro dos Hortos. Os restos dos outros milleiros e milleiros de defuntos de case dous milenios de vida urbana están aínda, como xa dixemos, debaixo de nós, baixo o pavimento das igrexas ou das rúas e prazas que hai sobre os antigos adros, ou mesmo mesturados cos cimentos dos edificios.

A comunicación da vella cidade intra muros co seu novo cemiterio tivo que realizarse ó principio polas portas de San Pedro e de Santiago, sobre todo por esta última. En 1888 abrírase a porta do Cárcere, que xa cadraba máis xeitosa, e finalmente, en 1894, a do Bispo Aguirre. Na rúa do Bispo Aguirre concentrouse



unha industria moi relacionada cos camposantos: as marmorerías, que seguían estando alí aínda bastante despois de desaparecido o de Magoi.

Durante os seus primeiros tempos, o cemiterio xeral de Lugo, a pesar de ser municipal, foi unicamente católico, contradición que por outra banda se mantiña en toda España. Houbo que esperar vinte anos para que, sen deixar de ser católica a parte principal, se habilitase tan sequera un recuncho destinado ós mortos doutras confesións ou de ningunha, discriminados por unha entrada diferente. Este cemiterio civil sería, moitos anos despois, escenario dun acto conmovedor: á primeira hora do Primeiro de Maio de 1931, coa Segunda República acabada de proclamar, unha comitiva multitudinaria organizada polo Centro Obreiro Lucense e as agrupacións socialista e republicana dirixiuse con bandas de música e coroas de flores ó cemiterio civil. Cinco anos máis tarde, as tapias do cemiterio de Lugo serían pano de fondo de horribles crimes entre cuxas vítimas estiveron seguramente algúns dos participantes naquela homenaxe cívica.



## ■ O cemiterio de San Froilán ■

Cando se fixo o cemiterio de Magoi, Lugo era unha cidade aínda pequena, case toda ela dentro das murallas. O censo de 1860 dá unha poboación de 21.298 habitantes en todo o Concello, con só 9.969 no casco e no seu radio, parte del bastante rural. Fóra do recinto amurallado, a parte máis urbana era a dos barrios de casas agrupadas que daquela xa empezaban a ser antigos: o do Páxaro, o de Recatelo, o de San Roque. E hai que lembrar que os defuntos das parroquias rurais enterrábanse, como aínda hoxe sucede, nos seus propios cemiterios.

Pero a cidade de Lugo, que desde principios do século XX medraba dun xeito considerable, na década dos corenta continuaba co seu crecemento malia a





dureza dos tempos, e dos 10.733 habitantes urbanos que rexistraba o censo de 1900 pasaría ós 38.254 en 1950.

Isto quere dicir que o cemiterio de Magoi quedara pequeno. Por outra banda, o lugar onde se asentaba estaba claramente nunha zona de expansión natural da cidade, que ademais sería a máis cobizada polas capas sociais medias, debido entre outras cousas á inmediata construción do que daquela se chamaba «Ciudad Cultural», cos Institutos de Ensino Medio e a Escola de Maxisterio.

A necesidade dun novo cemiterio sentíase, pois, como grande; o concello adquiriu os terreos das Arieiras, a uns catro quilómetros das murallas, e en 1944 planificouse a nova necrópole.

Merece mención unha curiosidade: naquela zona houbera xa unha necrópole megalítica, e a pesar das destrucións dos milenios, aínda hoxe se atopan cerca do cemiterio municipal tres medorras ou mámoas.

Mais estas cousas pouco importaban naqueles tempos, moi pouco respectuosos co patrimonio histórico. Os traballos iniciáronse sen ningún estudo arqueolóxico previo, aínda que a acción municipal tampouco non debía brillar moito pola súa dilixencia, pois o popular personaxe Pelúdez dicía en *El Progreso* polo San Froilán de 1945:

*¿Eu morrer? Non teñas medo, pois quen vai estrear o novo cimiterio hei ser eu, ¡e podes botarlle anos ao choio!*



Esta inocente retranscrición era case o máximo de crítica que se podía facer naqueles anos ditatoriais. Pero Pelúdez non tiña razón nas súas previsións, pois é ben sabido que el segue aínda vivo, e o novo cemiterio municipal de San Froilán «estreuse» algo menos de tres anos despois.

*El Progreso* de 4 de xuño de 1948 anunciaba en titulares de primeira páxina: «A partir del día 13 entrará en servicio el nuevo cementerio municipal. Es seis veces mayor que el actual y tiene una capacidad de once mil enterramientos».

A obra dirixíraa o arquitecto Ruperto Sánchez Núñez, pero el mesmo declaraba no xornal que o proxecto e o estudo previo, así como as liñas xerais da distribución, procedían do que fora arquitecto municipal Eloi Maqueira.




Este Eloi Maqueira Fernández está recoñecido como un dos principais representantes da arquitectura racionalista en Galicia; gañara a praza de arquitecto municipal en 1927 e morrera en 1944, ós 43 anos de idade. Por certo que aínda estivo a punto de morrer máis novo, en 1936, pois Maqueira, membro do Seminario de Estudos Galegos, era home de convicións galeguistas e republicanas. Parece ser que se salvou por intervención persoal do bispo de Lugo. O seu estilo aínda se percibe no Cemiterio Municipal, especialmente no acceso e na racionalidade esencial da súa distribución.

O novo cemiterio era, efectivamente, seis veces máis grande có de Magoi. Un quilómetro de muro cercaba unha superficie de 61.000 metros cadrados (o xornal di, por erro, 610.000). O custo das obras ascendeu á cantidade de 2.024.000 pesetas. A inauguración oficial sería o 15 de xuño de 1948, con toda



a parafernalia da época: «El prelado de la diócesis intervino en la ceremonia religiosa. Al acto asistieron autoridades, jerarquías y numeroso público». Eran tempos escuros, e os aspectos civís dun cemiterio público e municipal ficaban soterrados por enxurradas de propaganda nacionalcatólica. Naqueles mesmos días os xornais publicaban extensamente unha «instrución» acordada pola conferencia de bispos metropolitanos españois que, entre outras cousas, afirmaba: «Es esencial la intransigencia en la defensa de los dogmas católicos... La propaganda desarrollada por los protestantes en España es antilegal y ataca la unidad espiritual de la nación... El número de españoles no católicos es insignificante...»

Aínda que o vello cemiterio de Magoi xa non se utilizaba, seguiu existindo fisicamente durante bastantes anos, ata que a fins da década dos sesenta o imperativo urbanístico fixo que o seu soar quedase debaixo dunha cidade en expansión que xa o tiña case cercado. Ademais do obrigado traslado das restos, algúns dos seus panteóns e elementos arquitectónicos singulares foron reinstalados no novo cemiterio de San Froilán, onde hoxe se poden admirar belas mostras da arquitectura funeraria de ó redor do 1900, entre as cales destaca o monumento dedicado ós soldados repatriados das guerras de Cuba e Filipinas. O estilo medievalizante que en Lugo se asocia sobre todo co arquitecto Nemesio Cobreros (1846-1909) está moi ben representado nalgúns luxosos panteóns, entre eles o neogótico que está xunta a entrada. Outro deles, precisamente asinado por Cobreros –que o copiou case exactamente dun modelo francés–, é o mausoleo de Ramón García Abad, o famosísimo predicador e propagandista católico falecido en 1887.





O traballo dos marmoristas destaca non só na elaboración esculturas segundo modelos en xeral estandarizados, senón tamén no das propias tumbas e lápidas, moitas delas auténticos modelos de elegancia e finura de execución. Unha das máis belas é a do músico Gustavo Freire, falecido o 14 de setembro de 1948, tres meses despois de entrar en servizo o novo cemiterio. Pero tamén hai bos exemplos de escultura e cantería en granito do país, material que nas últimas décadas substituíu case totalmente o mármore clásico.

Unha das características máis salientables e agradables do cemiterio de San Froilán é a sensación de espazo e amplitude que transmite. Isto débese en primeiro lugar a que os panteóns centrais son practicamente todos de soterramento, e tamén á escasa altura dos panteóns de nichos –limitados ó contorno e a un grupo de seis filas dobres na zona lateral esquerda– que só teñen tres tumbas sobrepos-

tas, e non cinco como é tan habitual nos cemiterios rurais. Así é que practicamente desde calquera punto do cemiterio se divisa todo o panorama, sobresaíndo unicamente as árbores e mais as cruces e esculturas que coroan as tumbas, ademais dun certo número de panteóns exentos en forma de capela.

Existía no cemiterio municipal de San Froilán, como no anterior de Magoi, un recuncho reservado a enterramentos non católicos, segregado cun muro e con entrada á parte, coma se os defuntos doutras relixións ou de ningunha non tivesen dereito a entrar pola porta principal da necrópole que, como veciños e cidadáns, lles correspondía.

E aínda había máis: a parte católica estaba aberta ás visitas diarias dos familiares, pero a parte civil permanecía pechada acotío. Pechada oficialmente, pero non tan inaccesible como a barbarie e o rancor quixeran. Aínda hoxe se lembra un feito conmovedor: na construción do cerramento do cemiterio civil traballou un bo lucense, protestante evanxélico, que deixou clandestinamente unha porta pequena e moi baixa disimulada no muro, coma unha poterna de muralla; e por aquel boqueiro os non católicos –e é de supoñer que tamén algúns amigos católicos– entraban agachados para visitar e honrar os seus defuntos queridos... O muro separador e a discriminación que todo isto supoñía desapareceron a raíz da reforma política que se produciu en España despois da morte do Ditador, e agora os enterramentos fanse sen establecer diferenzas, suprimindo o propio concepto de «cemiterio civil», xa que todo el é un único cemiterio público e municipal de Lugo.

Do ano 1998 data a posta en servizo da ampliación do cemiterio de San Froilán, que agora acada os 108.000 metros cadrados, extensión realmente moi



ampla, pois as 14.000 unidades de enterramento en concesión non utilizan máis ca un terzo do terreo.

Á parte desta ampliación, nos últimos anos realizáronse importantes actuacións e obras que melloraron dun xeito considerable o aspecto e as condicións do Cemiterio Municipal. Ademais dos labores de mantemento e restauración e do aumento das tumbas clásicas, ampliáronse as propias posibilidades de enterramento con columbarios para gardar as cinzas, segundo demandaba a crecente presenza da incineración, costume funerario recuperado despois de tantos séculos de prohibición práctica.

O Día de Defuntos do ano 2006 inaugurouse unha fermosa obra na zona da ampliación: o Xardín das Lembranzas, destinado a mellorar aínda co tempo, segundo vaian medrando as pequenas árbores que nel se plantaron. Na beleza suave e un pouco melancólica, pero sen tristeza, deste xardín, destacan dous elementos: a fonte construída polos traballadores do cemiterio, e a escultura vítrea deseñada polo artista Xabier Froiz e realizada pola Vidraría Lara. É unha obra leda e chea de cor, que quere simbolizar a vida precisamente no lugar onde enterramos os nosos mortos

Isto é tamén o que suxire o belo poema anónimo que nos recibe fronte á portada do Cemiterio Municipal de San Froilán, gravado nunha placa transparente sobre un groso chanto de lousa de Buratai. Este sinxelísimo monumento inaugurouse o Día de Defuntos do 2007, cun concerto de música clásica que se celebrou nese ano por primeira vez, e que o Concello de Lugo ten a intención de institucionalizar.



*Podes chorar porque se foi  
ou podes sorrir porque viviu.*

*Podes pechar os ollos e rezar para que volva  
ou podes abrilos e ver todo o que deixou.*

*O teu corazón pode sentirse baleiro porque non a podes ver  
ou pode estar cheo do amor que compartistes.*

*Podes chorar, pechar a mente,  
sentir o baleiro e virarlle as costas,  
ou podes facer o que a ela lle gustaría:  
sorrir, abrir os ollos, amar e seguir.*





Vistas do Cemiterio Municipal  
de San Froilán



Podes Podes chorar porque se foi,  
ou podes sorrir porque viviu.

Podes Podes pechar os ollos e rezar para que volva,  
ou podes abrílos e ver todo o que deixou.


O teu O teu corazón pode sentirse baleiro porque non a podes ver,  
ou pode estar cheo do amor que compartistes.

Podes Podes chorar, pechar a mente,  
sentir o baleiro e virarlle as costas,  
ou podes facer o que a ela lle gustaría:  
sorrir, sorrir, abrir os ollos, amar e seguir.

(anónimo (anónimo))









Moito te quixen un tempo,  
simiterio encantador,  
cos teus olivos escuros  
máis vellos que os meus avós,  
cos teus cregos venerables  
que se iban sentar ó sol  
mentres cantaban os páxaros  
as matutinas cancións,  
e co teu osario humilde  
que tanto respecto impón  
cando da luz que nel arde  
ve un de noite o resprandor.

Rosalía de Castro, "O simiterio de Adina", *Follas Novas*

#### ENTERRO DO NENO POBRE

Punteiros de gaita  
acompañábano.  
O pai, de negro;  
no mar, unha vela  
branca.  
Os amiguiños levábano.  
Non pesaba nada.

Abaixo, o mar;  
o camiño no aire  
da mañá.  
El ía de camisa  
limpa  
e zoquiñas brancas.

Os amiguiños levábano.  
Non pesaba nada.

Luis Pimentel, *Sombra do aire na herba*





*Texto de Darío Xohán Cabana.*

*Fotografías de Serafín Saavedra (encargado do Cemiterio Municipal), do Servizo de Arqueoloxía do Concello, de Rubén Álvarez Asorey, do Museo Provincial de Lugo e do Fondo Vega do AHP de Lugo. O autor agradece as informacións xenerosamente ofrecidas por Amparo Rubinos, Serafín Saavedra, Rubén Álvarez Asorey, Enrique González Fernández e Xosé María Seixas.*

Deseño:  
TATATA

Imprime:

\*\*\*\*\*

Depósito legal: \*\*\*\*\*





**Concello de Lugo**  
Concellería de Servizos Xerais

